

1.- 2013: Ano Internacional da Estatística

A SGAPEIO únese á celebración do Ano Internacional da Estatística (“*Statistics2013*”) no 2013, que ten como principais obxectivos:

- Aumentar a conciencia pública sobre o impacto da Estatística en tódolos aspectos da sociedade.
- Promocionar a Estatística como unha profesión, especialmente entre a xente nova.
- Promocionar a creatividade e o desenvolvemento da Probabilidade e da Estatística.

Máis información: <http://www.statistics2013.org/index.cfm>

2.- Axudas para Formación de Profesorado Universitario

A *Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades* convoca axudas para bolsas e contratos de Formación do Profesorado Universitario (FPU) co obxectivo de promover a FPU en programas de doutorado de solvencia formativa e investigadora, en calquera área de coñecemento científico, que facilite a súa futura incorporación ao sistema de educación superior e investigación científica (BOE nº 112 do 10 de maio de 2012).

Presentación de solicitudes: ata o 1 de xuño de 2012.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2012/05/10/pdfs/BOE-A-2012-6238.pdf>

3.- XXV Certame “Jóvenes Investigadores”

A *Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades* convoca os premios do XXV Certame “*Jóvenes Investigadores*” para 2012 (BOE nº 122 do 22 de maio de 2012).

Esta convocatoria promove a investigación entre a xente nova mediante a concesión de premios a traballos de investigación básica ou aplicada ou de deseño de prototipos relacionados con calquera das áreas do currículo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Presentación de solicitudes: ata o 11 de xuño de 2012.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2012/05/22/pdfs/BOE-A-2012-6768.pdf>

4.- PhD Position at Universitat Autònoma de Barcelona

This is a cross disciplinary collaborative PhD position funded by the UK Health Protection Agency (HPA) and registered at the Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) in Spain. The project will provide a unique opportunity to contribute to the development of new approaches for statistical analysis of DNA-damage data for the purposes of characterising radiation dose.

- Duration: 3 years.
- Deadline for applications: Juny 15th, 2012.

Further information: http://eio.usc.es/pub/biostatnet/images/doc_general/hpa_uab.pdf

5.- Prácticas laborais en empresas europeas

A Deputación Provincial de Ourense convoca 55 bolsas individuais de estancias e prácticas laborais para titulados universitarios en empresas europeas, preferentemente en Alemaña, Austria, Italia, Reino Unido, República Checa e Portugal. Estas bolsas están enmarcadas dentro do Programa europeo Leonardo da Vinci.

Presentación de solicitudes: ata o 5 de xuño de 2012.

Máis información: <https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=114&fecha=20120521>

6.- 5º Encontro de Bioestadísticos na Complutense (EBC2012)

O día 21 de xuño de 2012 terá lugar na Escuela Universitaria de Estadística da Universidad Complutense de Madrid o **5º Encontro de Bioestadísticos**, que tratará sobre “As curvas ROC en estudos clínicos de diagnóstico. Extensión ao ámbito da supervivencia”. Este encontro está especialmente dirixido a estadísticos que actualmente desempeñan a súa labor profesional nas distintas CROs, en hospitais, na industria farmacéutica, e tamén a aqueles investigadores e docentes centrados no ámbito da bioestadística.


Prazo de inscrición: ata o 8 de xuño de 2012.

Máis información: <http://www.ucm.es/info/eue/pagina/ebc/index.html>

7.- Xornadas de Modelización Empresa-Universidade (JOMEU'12)

A Comisión de Relaciones con las Empresas (CORE) da Sociedad de Estadística e Investigación Operativa (SEIO) organiza as JORNADAS DE MODELIZACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD (JOMEU'12), que terán lugar do 19 ao 21 de setembro de 2012 en Elche.

Máis información: <http://jomeu12.umh.es/>



Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>